

Resolución núm. 2019/4291

RESOLUCIÓN

Nomeamento de dona Nerea Rodríguez Prado como administrativa do Gabinete de Presidencia

Con data 16 de xullo de 2019, o Pleno da Deputación Provincial aprobou, con efectos do 17 de xullo de 2019, a modificación 1/2019 da Relación de Postos de Traballo da Deputación, no relativo ao persoal eventual do Gabinete da Presidencia, creando, entre outros, catro postos de administrativo de Presidencia, asimilados, a efectos retributivos, ao subgrupo C1.

No momento actual, un destes postos atópase vacante, estimándose conveniente a súa cobertura.

De conformidade co establecido no artigo 104 da Lei de Bases de Réxime Local, o nomeamento deste tipo de persoal é libre, correspondendo á Presidencia.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Nomear funcionaria eventual da Deputación Provincial a dona Nerea Rodríguez Prado, asignándolle o posto de administrativa de Presidencia, con efectos do día da data.

O réxime de dedicación da funcionaria eventual nomeada será exclusiva, nos termos previstos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. As súas retribucións brutas anuais serán de 29.915,48 euros, conforme ao previsto na Relación de Postos de Traballo vixente.

A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao previsto no artigo 104 da Lei de bases de réxime local, sen prexuízo da súa notificación á interesada.



DEPUTACIÓN
OURENSE

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electronicamente por 34962672G
JOSE MANUEL BALTAR (R: P3200000B)
Presidente da Deputación de Ourense
24/07/2019 - 13:36:52

Asinado electronicamente por FRANCISCO
CACHARRO GOSENDE - 33317954Q
O Secretario Xeral
24/07/2019 - 17:50:50